

EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Nos últimos anos, os equipos de dinamización da lingua galega veñen traballando, non só durante o mes de novembro, senón durante todo o curso académico, para mostrarlle á comunidade educativa as posibilidades do galego como idioma para facer ciencia, así como para animar o alumnado a aprender e divulgar ciencia na lingua propia de Galicia.

Fano mediante actividades variadas (revistas, documentais, conferencias, feiras científicas, concursos...) e a miúdo coa colaboración multidisciplinar de profesorado de diferentes áreas.

Velaquí algúns exemplos do seu traballo:



- Exposición de nenas e mulleres científicas (IES de Mugaridos): http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0786/exposicion-nenas-mulleres-cientificas

- Conferencia con mensaxe do neurocientífico Xurxo Mariño (IES Castro Alobre): http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0777/xurxo-marino-visita-castro-alobre

- Concurso de microrrelatos matemáticos (IES Antonio Fraguas): http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0782/concurso-microrrelatos-matematicos

- Experimentos en educación infantil (CRA de Monterrei): http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0781/experimentos-2017


- O galego, a chave da ciencia (IES de Rodeira): http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/_/contido_0773/galego-chave-ciencia

Máis recursos e mostras do traballo dos equipos arredor da ciencia en <http://www.edlg-dia-da-ciencia-en-galego>

BIBLIOTECAS ESCOLARES

Nos últimos anos realizáronse campañas de impulso das ciencias nas bibliotecas escolares de Galicia promovidas desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Asesoría de Bibliotecas Escolares. Estas campañas foron postas en marcha baixo os seguintes lemas: “Ler ciencia na biblioteca escolar” (curso 2013-2014), “Biblioteca escolar... Matemático!!!” (curso 2014-2015) e “Biblioteca escolar, base de exploracións” (curso 2015-2016).

Como froito destas campañas resultaron innumerables actividades, propostas de traballo de investigación e, en definitiva, lecturas sobre temas científicos, promovendo estas disciplinas e a súa presenza nas escolas e, polo tanto, potenciando as lecturas e investigación sobre a ciencia.



A influencia deste impulso faise evidente co aumento notable da actividade sobre outros proxectos, como a demanda das maletas viaxeiras de carácter científico, o número de visitas á páxina de recompilación de Ciencia en galego ou incluso a participación nas convocatorias do proxecto *Escornabots na biblioteca escolar*, para introducir a robótica nas bibliotecas escolares de infantil e primaria.

A campaña actual segue unha liña complementaria a dos cursos anteriores co ánimo de equilibrar o coñecemento, o traballo e a investigación das ciencias e as humanidades e incentivar o gusto polo pensamento científico; así o lema proposto para o curso 2017/2018 é “Aprender a pensar coa biblioteca escolar”.

Recompilación de materiais

O programa de maletas viaxeiras ofrece aos centros educativos uns recursos en préstamo, seleccionados por temáticas, que poden resultar de interese para completar temporalmente os seus fondos. Entre estes materiais, varias maletas con libros e audiovisuais de temática científica.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/maletas/>



Maletas de ámbito científico

- Economía
- Ciencias Primaria
- Ciencias Secundaria
- Física e Química
- Bioloxía e Xeoloxía
- Matemáticas Primaria
- Matemáticas Secundaria

Web: ciencia en galego nas bibliotecas

Para apoiar a conmemoración do mes de novembro como Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas, desde a Asesoría de bibliotecas escolares mantense un portal cunha selección de materiais relacionados coa ciencia en galego: espazos web de contido científico, páxinas web de asociacións profesionais ou temáticas, recursos descargables, revistas, boletíns, experiencias de traballo coas ciencias en bibliotecas escolares...

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/ciencia/>

Libros informativos

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantese actualizada unha selección de libros de divulgación científica publicados en lingua galega, moi demandados desde as bibliotecas escolares. A difusión destes recursos faise a través dun taboleiro en Pinterest.

<https://es.pinterest.com/bescolaresgal/ciencia-en-galego-nas-bibliotecas-libros-informati/>




Escornabots na biblioteca escolar

As bibliotecas en xeral, e tamén as escolares, están a vivir importantes transformacións e unha das máis importantes é a de acoller todo tipo de actividades nas que as persoas usuarias poden atoparse, compartir espazo para pensar, deseñar, facer, construír e aprender xuntas, na liña dos makerspaces ou dos laboratorios de ideas. Na actualidade, as bibliotecas escolares contemplan o traballo e a aprendizaxe con todo tipo de linguaxes (oral, escrita, icónica, audiovisual, artística...).

Neste contexto da alfabetización múltiple encadramos unha iniciativa destinada a introducir nas bibliotecas escolares a linguaxe da programación, impulsando a utilización de pequenos robots en actividades destinadas a mellorar a comunicación lingüística do alumnado, a expresión oral, a creatividade, o traballo colaborativo, a investigación, a aprendizaxe manipulativa e o xogo. Na ligazón seguinte pódese acceder a recursos elaborados polos centros e información sobre este proxecto no que están incluídos xa 36 centros educativos de infantil e primaria, algúns deles iniciando xa a impresión 3D na biblioteca escolar, para o que recibiron formación específica.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/19/87>



Traballos por proxectos

No curso 2016-2017 convocouse o IV Concurso de Traballos por Proxectos, contemplando dúas modalidades: realización de traballos de carácter interdisciplinario ou Proxectos Documentais Integrados (PDI), coordinados desde a biblioteca escolar, e a realización de proxectos de investigación dirixidos por profesorado dun grupo, nivel, ciclo ou departamento.

Debido á influencia das campañas de lectura sobre as temáticas científicas dos últimos anos, xurdiron para esta convocatoria numerosas solicitudes que centran, precisamente, os seus traballos sobre a ciencia. <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/951>



Dep. Legal: C 1814-2017



NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

MES DA CIENCIA 2017 LER E VIVIR A CIENCIA EN GALEGO!

Programación de actividades de divulgación científica, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

XUNTA DE GALICIA

